

Copas e máis copas menstruais: claves a ter en conta á hora de elixir unha marca

Red Copa de Luna é unha iniciativa de economía solidaria integrada por un pequeno grupo de persoas que desde 2007 levamos divulgando no Estado español alternativas reutilizables aos produtos de usar e tirar de hixiene feminina. De forma independente e consciente, desde o comezo apostamos pola marca e empresa británica de copas menstruais **Mooncup**, por unha serie de motivos que a continuación exporemos. Co paso do tempo e a proliferación de distintas marcas e empresas no mercado, **reafirmámonos na nosa aposta por Mooncup como a opción máis coherente** con cuestións como o consumo consciente e responsable, a ética empresarial, a economía social ou a política ambiental integral.

Ata o inicio deste século, as copas menstruais existiran de forma marxinal desde a década de 1930 (inventáronse na mesma época que os tampóns) e fabricábanse con diversos materiais (caucho, látex...). En 2002 Mooncup lanza ao mercado a **primeira copa menstrual realizada co material estándar actual**, utilizado pola inmensa maioría das copas menstruais existentes: silicona de grao médico, utilizada desde hai décadas en aplicacións médicas como válvulas do corazón. Trátase dun material 100% natural, que provén do silicio (o segundo material máis abundante na corteza terrestre). É compatible co corpo humano, non provoca irritacións nin alerxias, non afecta á flora vaginal nin deixa restos de fibras.



Desde *Red Copa de Luna* **valoramos positivamente a auxe e o xurdimento doutras marcas de copas menstruais**. Parécenos que, máis aló da marca en cuestión, o importante é que esta magnífica **alternativa ecolóxica, saudable e económica** se dea a coñecer e se expanda. Por cada muller que utilice unha copa menstrual, están a deixarse de comprar, utilizar e tirar miles de compresas e tampóns de usar e tirar. Agora ben, xa que hai **varias marcas** entre as que elixir, parécenos interesante que a elección sexa o máis informada e consciente posible, acorde cos valores e principios que se queiran apoiar. Así, atopámonos cunha diversidade crecente de marcas con algunhas **diferenzas notables entre si**. Desde a nosa experiencia no ámbito do consumo consciente e transformador, e coas copas menstruais en particular, sinalamos algunhas **claves ou criterios a ter en conta** á hora de decantarse entre unha ou outra marca:

- **Transparencia informativa.** En xeral, a maior ou menor cantidade e transparencia na información pódenos dar unha idea da liña empresarial da empresa fabricante ou comercializadora. Se non hai nada que agochar, a información dos seguintes puntos debería estar dispoñible.

- **Lugar de fabricación e orixe da materia prima.** Actualmente fábrícanse copas en varios continentes, algunhas delas son comercializadas no Estado español. Unha simple ollada á embalaxe facilitaríanos esta información obrigatoria (“made in...”). Se na web non figura a orixe, pode ser motivo claro para desconfiar. *Mooncup fábrícase desde os seus inicios no Reino Unido, concretamente no terzo sur de Inglaterra (apostando por manter a produción no ámbito máis próximo posible e evitando a súa deslocalización), sendo o punto (ou un deles) máis próximo ao Estado español. Recentemente, xurdiron dúas marcas aparentemente “españolas”, aínda que polo menos unha delas se fabrica en Corea, co consecuente gasto enerxético en transporte, a falla de apoio ás economías locais e un balance enerxético global negativo fronte a Mooncup, por exemplo. A materia prima utilizada en Mooncup provén de Alemaña, descoñecemos a orixe nas outras marcas.*

- **Experiencia contrastada, asesoramento, investigación.** Aquí a cuestión determinante sería se a marca-empresa se dedica exclusivamente ás copas menstruais, que grao de control e seguimento ten sobre o produto e se ofrece asesoramento ou non. *Mooncup é a copa menstrual de silicona máis veterana do mercado, conta cun equipo propio de asesoras profesionais (que utilizamos para atender o foro) e participa en eventos xunto a profesionais da xinecoloxía. Froito desa investigación e constante retroalimentación das usuarias, en 2010 introducíronse unha serie de modificacións, afectando principalmente a unha maior flexibilidade da copa.*

- **Coherencia no ciclo de vida do produto.** Neste punto teríase en conta a embalaxe (exclusivamente cartón ou con plástico) e os procesos extra na produción (como o tintado das copas de cores, ademais da incertidume sobre a orixe das tintas e os seus efectos a longo prazo). *Mooncup utiliza as opcións máis ecolóxicas posibles en todos os seus materiais (embalaxe e folletos de material reciclado, bolsa de algodón 100% biolóxico sen branquear, etc.) e unicamente se suministra nunha cor (a neutral ou propia da materia prima).*

- **Tipo de empresa e ética empresarial.** En xeral, este tipo de información é difícil de obter. *Mooncup conta con varias distincións pola súa ética empresarial, ademais de ser unha pequena empresa formada por mulleres e apoiar a banca ética.*

- **Produtos complementarios prescindibles.** Algunhas marcas ofrecen solucións ou xeles que, dada a capacidade da vaxina para manter a súa propia hixiene e a validez de alternativas económicas e accesibles para o seu mantemento (calquera xabón -aclarando ben despois- para a súa limpeza, e auga ou aceite alimentario se fixese falla lubricación "extra"), resultan prescindibles. *Mooncup unicamente comercializa copas menstruais, sen produtos complementarios.*

- **Prezo.** Se ben poden existir pequenas diferenzas, calquera marca amortízase nuns meses e supón un aforro fronte aos produtos convencionais. Consideramos que unha pequena diferenza no PVP non será demasiado significativa para o teu peto e si para apoiar coa túa compra unha ou outra marca en función dos criterios aquí sinalados. *Mooncup ten un pvp recomendado de 30€. Desde Red Copa de Luna ofrécese descontos para pedidos en grupo e prezos de distribución para cooperativas/grupos de consumo, tendas e outros tipos de venda directa.*

- **Beneficio económico vs. criterios éticos.** Nestes últimos meses Mooncup pensouse como informar do seu [novo modelo](#) de copa menstrual, que vén substituír o que xa viña funcionando ben desde 2002. A súa preocupación xiraba en torno a que as usuarias percibisen a nova copa como "mellor" que o modelo anterior, levándoas a deixar de utilizalo e adquirir o novo. Esta posibilidade ía en contra dos seus principios, polo que optaron por non anunciar apenas o cambio de modelo para minimizar esa posibilidade, que por outro lado lles reportaría máis beneficio económico.



Froito da nosa constante investigación e interese por divulgar e ofrecer as alternativas máis interesantes globalmente, estamos incorporando as **compresas e salva-slips lavables Primal**, en colaboración coas promotoras deste artigo (Bebés Ecolóxicos). Están fabricadas artesanalmente en Andalucía, con tecidos 100% naturais.

A súa incorporación en *Red Copa de Luna* supón un exemplo de cooperación neste ámbito e un complemento das copas menstruais (ou unha alternativa en si mesma), mantendo criterios éticos, medioambientais, saudables e económicos.

Red Copa de Luna conta con vari@s colaboradoras/es e está coordinada por Toni Lodeiro, Anna Moreno e Sergio Álvarez de Neira (máis información en [equipo](#)).

Podes ampliar información a través das webs <http://redcopadeluna.org> e <http://redcopadeluna.webnode.com/> ou solicitar condicións e tarifas (e máis información) a través de:

- Catalunya: tonicongrelos@nodo50.org – 938 333 580 (Anna / Toni)
- Resto do Estado: copas@planetafinito.org – 610 248 277 (Sergio)

- Novembro 2010 -